

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

ESCOLA GALEGA DE ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

RESOLUCIÓN do 22 de maio de 2012 pola que se convoca a Xornada sobre réxime xurídico do solo rústico e solo de núcleo rural.

Dentro do plan de actividades da Escola Galega de Administración Pública para o ano 2012 e de acordo coas funcións atribuídas pola Lei 4/1987, do 27 de maio, de creación da Escola, e pola Lei 10/1989, do 10 de xullo, de modificación da anterior, convócase, en colaboración co Colexio de Arquitectos de Galicia e coa Dirección Xeral de Administración Local, a Xornada sobre réxime xurídico do solo rústico e solo de núcleo rural, conforme as seguintes bases:

1. Obxectivos.

Difundir as novidades legislativas en materia de urbanismo en relación co réxime xurídico do solo rústico e solo de núcleo rural e analizar a problemática que xera a súa aplicación.

2. Contidos.

Serán tratados, entre outros, os seguintes temas:

- Posibilidades edificatorias en solo rústico.
- Problemática en solo rústico: segregacións, parcelacións, legalizacións.
- Solo rústico e normativa sectorial: distancia a plantacións, augas, patrimonio histórico-artístico.
- Tipificación do solo de núcleo rural.
- A problemática de actuación sobre solo rústico.

3. Destinatarios.

Arquitectos, técnicos das diferentes administracións públicas vinculados co urbanismo e interesados en xeral.

4. Desenvolvemento.

Esta xornada desenvolverase na Escola Galega de Administración Pública (EGAP) o día 5 de xuño de 2012.

Duración: 6 horas lectivas, en horario de mañá e tarde.

5. Número de prazas.

Limitado pola capacidade do local.

6. Solicitudes.

<http://www.coag.es/formacion>

7. Prazo.

O prazo de presentación de solicitudes finalizará o luns 4 de xuño de 2012.

8. Modificacións.

A EGAP reserva para si a facultade de interpretar e de resolver as incidencias que poidan xurdir no desenvolvemento desta xornada, así como a facultade de cancelala se o escaso número de solicitudes non xustificase a súa realización.

9. Certificado de asistencia.

Entregarase un certificado de asistencia, ao final da xornada, a aquelas persoas inscritas que participasen asiduamente, e sempre que a súa asistencia sexa igual ou superior ao 85% das horas lectivas programadas. Neste documento aparecerán de forma expresa o contido, a data e o lugar de realización desta xornada.

Santiago de Compostela, 22 de maio de 2012.

Pablo Figueroa Dorrego
Director da Escola Galega de Administración Pública